



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA E AS TRES UNIVERSIDADES DE A CORUÑA, SANTIAGO DE
COMPOSTELA E VIGO PARA O PROXECTO DE FORTALECIMENTO DA
REDE GALEGA DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA PARA O
DESENVOLVEMENTO.**

(1) A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no ámbito da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. No seu artigo 8 apartado 2 enúncianse as prioridades sectoriais, en materia de sensibilización e educación para o desenvolvemento:

- a) A concienciación da opinión pública na materia.
- b) A difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países subdesenvolvidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- c) O fomento da investigación sobre as causas do desenvolvemento a fin de fortalecer e abrir novas vías de cooperación.
- d) Potenciar e fortalecer aos axentes de cooperación para o desenvolvemento de Galicia a fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

O III Plan Director da cooperación galega 2014- 2017 establece coma un dos seus Resultados de Xestión o fortalecemento da capacidade institucional dos actores e axentes galegos de cooperación para un maior alcance das súas actuacións, para o cal apoiará a formación, capacitación e fortalecemento dos mesmos. Entre os axentes galegos de cooperación as universidades teñen un papel destacado e que se está a potenciar nos últimos anos.

(2) Antecedentes:

Desde o ano 2004 ata o ano 2011 a Xunta de Galicia colaborou de forma ininterrompida coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e coa Universidade da Coruña (UDC), a través da sinatura anual dos respectivos convenios de colaboración con ambas



universidades para o apoio á realización de actividades de formación e sensibilización en materia de cooperación para o desenvolvemento no ámbito universitario.

O importe total das subvencións concedidas pola Xunta á USC no período 2004-2011 foi de 471.245,00 €, mentres que o total das subvencións concedidas á UDC nese mesmo período foi de 385.564,00 €.

Debido ás reducións orzamentarias que afectaron ao programa de cooperación exterior nos últimos anos, ditos convenios non se puideron asinar no 2012 nin no 2013.

No ano 2014 asinouse o primeiro convenio para a conformación da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD), por importe de 99.000 €. No ano 2015 asinouse un convenio para a consolidación de dita Rede cunha subvención de 102.633,00 €.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á colaboración coas 3 universidades para o fortalecemento da RGCUD asinouse un convenio co data 12 de setembro de 2016 e cun período de vixencia dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2017.

(4) O convenio ten por **obxecto** mellorar a posición do Sistema Universitario de Galicia (SUG) como axente de cooperación ao desenvolvemento a través do fortalecemento da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD) e das capacidades da comunidade universitaria galega para pór en marcha actuacións en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento e educación para o desenvolvemento.

(5) Tendo en conta que a singularidade deste proxecto ven determinada polas accións que se pretenden desenvolver para a consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD); pola propia natureza das entidades solicitantes da subvención, as tres universidades galegas, así como a súa urxente posta en marcha, esta Dirección xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera xustificado que a axuda se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración, ao amparo do establecido no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13





de xuño, de subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública.

(6) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do custe total do proxecto que é de cento vinte e cinco mil euros (125.000,00 €) abonará á Universidade de Vigo, por asumir o liderado ante a Xunta de Galicia, consonte ao establecido na cláusula anterior, a contía máxima de cen mil euros (100.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.444.0. e distribución seguinte:

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2016	Anualidade 2017
05.26.331A.444.0	60.000,00	40.000,00

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2017

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

P.D. do 8 de xuño de 2010

A subdirectora xeral de Cooperación Exterior

Pilar Romero Rodríguez

